



# **“PROGRAMA DE ACOLLIDA DO CEIP AMARO REFOJO”**



## ÍNDICE

- a) **Contextualización.**
- b) **Novas normas de organización e funcionamento do centro.**
- c) **Actuacións de prevención, hixiene e protección.**
- d) **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**
- e) **Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**



## CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo as **Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa** en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un **“Programa de Acollida”**,

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas o **Programa de Acollida Covid 19 do CEIP Amaro Refojo** publicado na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamarorefojo/> para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

## NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Segundo o Plan de Adaptación do CEIP Amaro Refojo achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

## ENTRADAS E SAÍDAS

### - ENTRADAS.-

#### EDIFICIO DE EDUCACIÓN INFANTIL

<b>PORTA PRINCIPAL (CORREOS)</b>	<b>PORTA 2 (CASA DA XUVENTUDE)</b>
<b>8:50 HORAS 4º A E.I.</b>	<b>8:50 HORAS 4º B E.I.</b>
<b>9:00 HORAS 5º A E.I.</b>	<b>9:00 HORAS 5º B E.I.</b>
<b>9:05 HORAS 6º A E.I.</b>	<b>9:05 HORAS 6º B E.I.</b>

**\* A ENTRADA REALIZARASE SEGUINDO AS INSTRUCIÓN DAS TITORAS E APOIOS CORRESPONDENTES, SEMPRE COA MÁSCARA POSTA, AGÁS NAS SITUACIÓNS CONCRETAS QUE ASÍ O REQUIRAN SEGUINDO O CRITERIO ESTABLECIDO EN ED. INFANTIL .**

**A MÁSCARA SERÁ OBRIGATORIA NA AULA, NO RECREO E NOS DESPRAZAMENTOS DENTRO DO EDIFICIO DO GRUPO DE CONVIVENCIA, TENDO EN CONTA AS CARACTERÍSTICAS PROPIAS DOS NENOS DE ED. INFANTIL.**

#### EDIFICIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>PORTALÓN (GRANDE)</b>	
<b>8:50 HORAS 5º E.P.</b>	<b>8:50 HORAS 6º E.P.</b>
<b>9:00 HORAS 2º E.P.</b>	<b>9:00 HORAS 4º E.P.</b>
<b>9:10 HORAS 1º E.P.</b>	<b>9:10 HORAS 3º E.P.</b>

**\*A ENTRADA REALIZARASE SEGUINDO AS INSTRUCIÓNS D@S TITOR@S E MESTRES CORRESPONDENTES, SEMPRE COA MÁSCARA POSTA, AGÁS NAS SITUACIÓNS CONCRETAS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

**A MÁSCARA SERÁ OBRIGATORIA NA AULA, NO RECREO E NOS DESPRAZAMENTOS DENTRO DO EDIFICIO DO GRUPO DE CONVIVENCIA.**



- SAÍDAS.-

**EDIFICIO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

<b>PORTA PRINCIPAL (CORREOS)</b>	<b>PORTA 2 (CASA DA XUVENTUDE)</b>
<b>13:50 HORAS 4ª E.I.</b>	<b>13:50 HORAS 4ºB E.I.</b>
<b>13:55 HORAS 5ª E.I.</b>	<b>13:55 HORAS 5ºB E.I.</b>
<b>14:00 HORAS 6ª E.I.</b>	<b>14:00 HORAS 6ºB E.I.</b>

**\*RÓGASE A MAIOR PUNTUALIDADE POSIBLE PARA EVITAR COLAS E AGLOMERACIÓNS. MÁNTENSE A POSIBILIDADE DE SAÍR ANTES PARA OS QUE TEÑAN IRMÁNS NO EDIFICIO DE PRIMARIA, SENDO NECESARIO COMUNICARLLO ÁS TITORAS CORRESPONDENTES.**

**EDIFICIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

<b>PORTALÓN (GRANDE)</b>	
<b>13:50 HORAS 1º E.P.</b>	<b>13:50 HORAS 3º E.P.</b>
<b>13:55 HORAS 2º E.P.</b>	<b>13:55 HORAS 4º E.P.</b>
<b>14:00 HORAS 5º E.P.</b>	<b>14:00 HORAS 6º E.P.</b>

**\*RÓGASE A MAIOR PUNTUALIDADE POSIBLE PARA EVITAR COLAS E AGLOMERACIÓNS.**

**INSTRUCCIÓN XERAIS.-**

- **As familias non accederán ao recinto escolar**, agás no caso de E.I. ou alumnado con NEE se @s titor@s o consideran oportuno polo benestar do seu alumnado.

**\*Sempre coa máscara posta correctamente.**

- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto. Asemade, informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de **non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar**.

- Disporase do número de **mestres de garda** precisos para facer efectiva a **entrada** e a **saída** do recinto escolar en condicións de seguridade, é a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo.

- Agrupacións.- **Grupos de Convivencia Estable** cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersonal de 1 metro en aula.

- **Titorías coas familias.**- O uso de **chamadas telefónicas**, dende o teléfono de centro ou persoal, o envío de mensaxes a través de **correo electrónico** do centro ou dun persoal creado a tal efecto, ou o envío de mensaxes por **Abalarmóbil**, son outras opcións.



**-Uso de máscara no centro.-** Nos diferentes **espazos do centro** o uso da máscara será **obrigatorio** (aulas, corredores, biblioteca, patios, baños...) As mestras de **EI poderán facer excepcións segundo as necesidades do seu alumnado** se así o precisan para favorecer a adaptación e familiarización co uso da máscara (a lei contempla que non é de carácter obrigatorio no alumnado menor de 6anos).

**- Normas para a realización de eventos.-** Este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro.

**- Aforos.-** A limitación de aforo para os baños será a tres usuarios, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.

**- Recreos.-**

### EDUCACIÓN INFANTIL

11:10 a 11:30	4º E.I.
11:40 a 12:00	5º E.I.
12:10 a 12:30	6º E.I.

**\*SE AS CONDICIÓN METEOROLÓXICAS FOSEN ADVERSAS, TODOS QUEDAN NA SÚA AULA CO MESTRE QUE ESTIVESE CON ELES NA SESIÓN PREVIA.**

**\*PODERÍASE ESTABLECER, NESE CASO QUE O RECREO FOSE DE 12:00 A 12:30 PARA TODOS OS NIVEIS DE E.I.**

### EDUCACIÓN PRIMARIA

	ZONA 1	ZONA 2
LUNS	1º	6º
MARTES	2º	4º
MÉRCORES	3º	5º

**\*CADA DÍA BAIXARÁN AO PATIO DOUS NIVEIS, NO HORARIO HABITUAL, EN ZONAS DIFERENCIADAS, XUNTO COS TITORES CORRESPONDENTES E UN OU DOUS ESPECIALISTAS, SEGUNDO A NECESIDADE.**

**\*O RESTO DOS NIVEIS QUEDAN NA AULA CO MESTRE DA HORA PREVIA.**

**\*SE CHOVESE, NON SE BAIXARÍA AO PATIO.**

**- Merendas.-** Realizaranse de xeito individual na aula correspondente.



## ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

- **Corresponde ao Concello** xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de **limpeza do centro**.

- **Compromiso realización autoenquisa clínica.- Diaria** tanto por parte do personal docente e non docente como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

- **Non asistirán** ao centro aqueles **estudantes, docentes e/ou non docentes** que teñan **síntomas** compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en **illamento** por diagnóstico de COVID-19, ou en período de **corentena domiciliaria** por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

- **O uso de máscara é obrigatorio.**

- Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias **limparase as máns con hidroxel** e manterase a **distancia de seguridade** sempre que sexa posible.

- Durante os **primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección**, así como o coñecemento das **novas normas de organización e funcionamento do centro.-**

**1. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.**

**2. Hixiene de mans:** lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

**3. Recordar o emprego axeitado das máscaras:** cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...

**4.** Durante os primeiros días, **recordatorio das entradas e saídas**, valoración de aspectos a mellorar.

**5.** Realizar actividades para **identificar a distancia de seguridade axeitada.**

**6.** Recordar a necesidade de extremar a **orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.**

## ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

- **O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19** así como en aqueles **aspectos** de aulas virtuais ou outras medidas que se consideren oportunas e **que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.**

- **Todo o profesorado do centro terá unha formación básica** nas aulas virtuais ou noutros medios telemáticos en aras a desenvolver a formación semipresencial ou non presencial de ser o caso.

- En calquera caso, o **coordinador do equipo TICs** coa axuda dos **mestres** que posúan a **formación axeitada** serán os responsables do traballo de mantemento da **aula virtual** e da **páxina web** do centro, así como da súa xestión de darse a necesidade de recurrir á formación semipresencial ou non presencial. O resto de funcións (comunicación coa UAC, co responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén formarán parte das súas tarefas.



## ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

O obxecto do CEIP Amaro Refojo segue a ser desenvolver unha aprendizaxe favorecedora da educación integral de PERSOAS, en convivencia positiva, na que a diversidade sexa eixo vertebrador, evitando todo tipo de discriminación no proceso educativo, respectando e valorando as diferenzas que existen entre as persoas que aquí conviven e que ten como base a aprendizaxe

manipulativa, construtiva, cooperativa e humanística.

Para levar a cabo este obxecto, desenvolveremos os seguintes aspectos:

1. Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, de ser posible, que preparen ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.

2. Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado, en ocasións, podería traballar por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras.

3. Os docentes e o alumnado empregarán a máscara de xeito continuado. Sempre, independentemente da idade e coas excepcións contempladas anteriormente. Explicarase ao alumnado que a aula é como o espazo do fogar e que para saír deste hai que poñer a máscara tal e como fan na súa vida cotiá ao saír á rúa.

Faranse excepcións cos alumn@s de EI a criterio das súas mestras, aínda que o obxectivo é que o alumnado empregue a máscara de xeito habitual dentro e fóra da aula.

4. A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de enseñanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.

**En definitiva, salientase que éste é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) poden facer as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.**